



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA URGENTE CELEBRADA O CATORCE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES

No salón de sesións da Casa do Concello de Ponteceso ás 20.30 horas do día 14 de setembro de 2023 reúnese en primeira convocatoria o Pleno municipal, baixo a presidencia de D. José Manuel Mato Martínez, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria e urgente convocada en legal forma para tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria

ASISTENTES:

Presidente

José Manuel Mato Martinez

CONCELLEIROS/AS:

Partido Popular (PP)

María Josefa Álvarez Bugallo
Constantino Fernández Vila
José Luis Pena Romay

Partido Galego (PG)

Juan Ramón Vidal Torrado
Raquel Fondo Pérez

Agrupación de electores Adiante por Ponteceso (AxP)

Roberto Alexandre Andrade de Santiago

Partido PSdeG-PSOE

Xosé Lois García Carballido
Noelia María Varela Suárez
José Manuel Nuñel Costa
Consuelo Martínez Lema

Espazo Común (APIN-ESCO)

José Manuel Pose Verdes

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Fátima Rodríguez González

AUSENTES:

Secretario accidental: Emilio Caínzos Quintás

Interventor: Francisco Javier Ulloa Arias

O presidente declara aberta a sesión despois de comprobar que o quórum é conforme co



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

establecido nos artigos 39 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM) e 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

1. Aprobación da urxencia

De conformidade co establecido no artigo 79 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, o alcalde-presidente procedeu a convocar aos membros da Corporación para a celebración dunha sesión extraordinaria de carácter urxente, polo que procede motivar a mesma e proceder acto seguido a someter ao Pleno o pronunciamento sobre a mesma.

O presidente explica con brevidade a motivación da convocatoria baseada na urxencia da modificación do acordo adoptado polo Pleno na sesión celebrada o día 10-08-2023 en relación á aprobación inicial do suplemento de crédito número 3/2023, ao non contemplarse no vixente orzamento municipal, prorrogado o do exercicio de 2020, créditos suficientes para facer fronte á posible subida do soldo dos empregados públicos municipais do 0,50%, retroactiva desde xaneiro, froito do Acordo Marco para unha Administración do século XXI, logo do incremento xa pactado do 2,50%, ao que podería engadirse un punto adicional ao cumprirse certas variables, sendo unha delas en que a suma do IPC harmonizado medio de 2022 e o de 2023, ata setembro, deba superar o 6%, e ao terse en conta que tan só no 2022 o incremento foi do 8,3%. Polo anterior, agás que no mes de setembro se rompera a tendencia actual e sufra un descenso drástico esta subida das retribucións vaise materializar, e consonte ao informe do interventor e ao seu criterio é convinte e urxente proceder a reducir as modificacións das aplicacións 160 e 165 á metade, ao contemplarse no POS+ Adicional o financiamento de gasto corrente dos servizos básicos, e destinarse estes fondos á dotación do crédito necesario para facer fronte á referida subida das retribucións dos empregados públicos municipais.

O presidente somete a votación a urxencia da sesión co seguinte resultado.

Votos a favor: ONCE (4 PP; 4 PSdeG-PSOE, 2 PG e 1 AxP)

Votos en contra: UN (1 BNG)

Abstencións: UNHA (1 APIN-ESCO)

O Pleno do Concello aproba a urxencia por maioría e pásase a tratar a orde do día.

2 Expediente: 2023/X999/000375. Proposta de aprobación da modificación do expediente de suplemento de crédito 3/2023

O alcalde dálle a palabra ao interventor e le a proposta.

<< PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO: SUPLEMENTO DE CRÉDITO 3/2023.

Visto que nos modificativos aprobados no pleno ordinario do mes de agosto se procedeu aprobación de cinco expedientes de modificación de créditos financiados con remanente líquido onde se utilizou a integridade do mesmo.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Visto o recente anuncio de unha posible subida do soldo dos funcionarios públicos do 0,5% retroactiva desde xaneiro, froito do Acordo Marco para una Administración do século XXI.

Visto que o incremento xa pactado era do 2,5%, o que podía engadirse un punto adicional cumprindo certas variables, unha de elas consistente en ca suma do IPC harmonizado medio do 2022 e o de 2023 ata setembro tiña que superar o 6%.

Visto que o dato tan só do 2022 é do 8,3%, polo que salvo que o mes de setembro rompera a tendencia actual sufrindo un descenso drástico todo parece que esta subida vaise materializar.

Visto que o orzamento que ten recollidos os créditos de persoal do ano 2020 con o que non existe marxe para esta subida.

Vista a posibilidade de derivar o POS adicional a gasto en servizos públicos básicos o que non fai urxente dotar as aplicacións 160 e 165 das cantidades feitas polo que se propón a súa redución a metade, a efectos de poder contar con marxe suficiente para esta subida ou outros imprevistos.

Visto o informe favorable da intervención municipal.

Primeiro: Aprobar DEFINITIVAMENTE expediente de suplemento de crédito número 3/2023 co seguinte detalle.

PROGRAMA	ECONÓMICA	IMPORTE
160	22799	50.000,00 €
165	22100	21.500,00 €
171	22799	70.000,00 €
231	22799	70.000,00 €
241	13101	32.000,00 €
323	22100	50.000,00 €
323	22699	20.000,00 €
326	22100	25.000,00 €
334	22699	20.000,00 €
334	22799	35.000,00 €
334	61900	25.000,00 €
337	21300	10.000,00 €
338	20500	25.000,00 €
341	22799	30.000,00 €
432	22799	80.000,00 €
453	21000	15.000,00 €
920	21300	20.000,00 €
920	22000	60.000,00 €
920	22100	20.000,00 €
920	22400	15.000,00 €
920	22604	80.000,00 €
920	62600	15.000,00 €
TOTAL		788.500,00 €



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Segundo: Que se proceda a súa publicación definitiva no BOP, procedendo a súa contabilización.

O presidente abre o debate.

- Pide a palabra o voceiro de APIN-ESCO, Sr. Pose, e di que non recibiu a documentación nin a convocatoria. Creo recordar que na campaña os grupos que forman o seu goberno falaban de facer auditorías. Eu non teño nada en contra da Fundación que nestes anos recibiu moitos cartos da Deputación, e nunca chegou ata o concello esa información, e ninguén o di, e estando o concello representado nela. Hai que facer auditorías, temos que saber a onde van parar eses cartos.

- O presidente di que dou lectura ao informe da débeda a 26-06 da tesourería, son datos reais, e a contía de 1.650.000 correspóndese ao pendente de pagamento nesa data. A Fundación Pondal recibiu pouco máis de 800 euros do concello nas últimas anualidades, e á Fundación como ás asociacións neste intre non se lles pode dar nada, porque non hai consignacións. Isto que teño e exhibo son datos oficiais.

- O Sr. Pose di que debe haber claridade e non copiar do anterior alcalde.

- O Sr. Presidente, di que este grupo de goberno leva todo o verán dicindo que non se teñen recursos para levar a cabo actividades, subvencións para festas e para as asociacións. Sabe por que? Pois porque a via de financiamento das subvencións en concorrencia competitiva que o ano pasado se financiaron co convenio de EDP, este ano non contan con isto por que o anterior alcalde e concelleira destinaron os 60.000 euros do convenio a financiar o Plan de Emprego Social. Non imos a saltar os criterios da intervención.

- Pide a palabra a voceira do BNG, Sra. Rodríguez, e di que quere transparencia, reunións, xuntanzas para coñecer a realidade do concello, así como do que se trae ao pleno.

- Pide a palabra o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. García Carballido, e di que esta non é forma de facer unha proposta, non tivemos comisión, non hai documentación. Vostede non é transparente, non retransmite os plenos, non se reúne cos grupos políticos. Hai un acordo para o financiamento do saneamento, por que non se leva a cabo? Vaise facer a obra da Trabe, para que non teñamos inundacións? Imos votar a favor. Estamos preocupados pola opacidade e falta de transparencia, e pedímoslle que convoque comisións, que deixe falar e que retransmita os plenos. Non pode ser anti-demócrata. Non se escude nos técnicos, as decisións son súas, como a da asesora, suprimir probas ciclo-turísticas, etc. Tíñase a costume da transparencia, insisto en que retransmita os plenos. Estamos de acordo co BNG. Imos votar a favor. Vaia á Deputación, á Xunta e cumpra os acordos do pleno para o saneamento.

- O presidente di que é demócrata e así lle deixa falar todo o tempo que quere, eu pregunto ao secretario, ao interventor, antes de tomar unha decisión teño a costume de asesorarme, e así fixen para tratar a súa proposta como un rogo. Teremos pleno ordinario o día 28 de setembro, con comisións e trátaranse todos os temas. Á voceira do BNG dílle que ten acceso a todo o que necesite, e vostede pode reunirse con este alcalde cando o desexe.

- Pide a palabra a voceira do BNG, Sra. Rodríguez, e di que non cumpre en canto á accesibilidade á información, en canto ao Sr. García Carballido dicirlle que pode estar de acordo con nós, pero eu non coincido con el, agás no que respecta a facer a obra.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

- Pide a palabra o interventor e di que a Deputación ten aprobado o Plan Complementario no que inclúe a obra do Saneamento de Brantuas por máis de 800.000 euros, unha cousa é o Complementario e outra o Plan Adicional, do que se fala e do Adicional o cal se pode destinar a gasto corrente para financiar servizos básicos ou a investimento, e neste expediente se detrae a metade da modificación inicial do suplemento de crédito das aplicacións 160 e 165, en base ao anteriormente exposto.
- Pide a palabra a voceira do BNG, Sra. Rodríguez, e di que pode estar de acordo con algunhas argumentacións do Sr. Carballido, pero non con todo o que dixo. Dirixíndose ao presidente, di que vostede, hoxe, decidiu facer un pleno para entrar na mesma dinámica que el, non ten sentido facelo sen debater. Fai o mesmo que el, débense facer reunións e xuntanzas, e facer un pleno urxente, sen motivación e sen comunicación previa levará ao BNG a non apoiar a proposta. Os funcionarios deben cobrar, e si estamos de acordo, pero non nas formas que utiliza vostede.
- Pide a palabra o Sr. Pose e di que vai cambiar o sentido do seu voto dada a explicación do interventor, ao terse contemplada a obra de saneamento no Plan Complementario e non afectar esta modificación ao mesmo.
- Pide a palabra o voceiro de AxP, Sr. Andrade, e di que tense que acatar a normativa, quedeime coas gañas de intervir no anterior pleno. Debemos de aternos á orde do día, non falar de cousas que non corresponden, saber que estamos nun pleno extraordinario e non falar do que non corresponde, isto non debe volver a pasar. Estamos de acordo co contido da proposta, os acordos cos sindicatos deben cumprirse e débese aboar aos funcionarios o que lles corresponda, imos votar a favor.
- O presidente di que ten toda a razón, eu estiven errado, tiña o convencemento que ía haber debate, ata que vin que o ROM nos rogos non o contempla, irei aprendendo.
- Pide a palabra o voceiro do PG, Sr. Vidal, e di que estamos noutro pleno e estase a falar do anterior. Contestareille ao Sr. Pose que dixo que nós falamos de auditorías na campaña. Sigo coa mesma idea, e tamén lle recordo que vostede dicía que non facían falta, poderían aparecer máis facturas e máis cousas, agora estamos a aprobar unha modificación dun acordo do anterior pleno. O noso grupo vai votar a favor.
- O presidente di que o interventor é quen dirixe baixo os seus criterios e o goberno vaille facer caso, a débeda cos provedores supera o 1.650.000 euros e iso é unha realidade, ou alguén dubida dos datos facilitados polo tesoureiro?.
- Pide a palabra o interventor e di que as funcións de control e fiscalización son funcións reservadas a habilitados nacionais, existe a posibilidade de contratar auditorías externas, sempre que se teña aprobado o Plan anual de control financeiro, e sempre baixo a supervisión do interventor. Hai conceptos complexos, unha cousa é o estado da caixa que é a existencia de fondos en bancos a data fixa, por exemplo a 31 de decembro, ou cando toma posesión a nova Corporación. Hai outros conceptos como a débeda con provedores e iso vai fluctuando día a día. Outra cousa é o remanente de tesourería a 31 de decembro de cada ano, o cal reflicte a existencia en caixa máis a suma dos ingresos que nos deben menos o que debemos a provedores e outras débedas pendentes. A foto fixa é a 31 de decembro, e a partir de aí vai fluctuando día a día, como dicía.
- Pide a palabra o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. García Carballido, e manifesta que antes dixo que non queremos inundacións na Trabe. Vostede ten maioría para moitas cousas, para ter



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

dedicacións, antes non as tiña. Vostede aprobou esas partidas para asesores, soldos para o seu grupo e o seu goberno. O PSdeG ofreceulle os nosos votos para que a xente cobre canto antes. Non busque escusas. Poña en marcha as subvencións e non se esqueza da obra da Trabe.

- O presidente dille que remate a súa intervención, que se vai someter a votación a proposta.
- O Sr. García Carballido interrompe e o presidente dille que non está no uso da palabra, e novamente prodúcese a mesma situación.

O presidente remata o debate.

O presidente somete o asunto a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: ONCE (4 PP; 4 PSdeG-PSOE; 2 PG; e 1 AxP)

Votos en contra: ----

Abstencións: DÚAS (1 APIN-ESCO e 1 BNG)

O Pleno do Concello acorda, por maioría, aprobar a proposta da modificación do expediente de suplemento de crédito 3/2023 nos seus propios termos.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 21.43 horas do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, de todo o que dou fe, como secretario accidental, asinando xunto co presidente.

O presidente

O secretario accidental

José Manuel Mato Martínez

Emilio Caínzos Quintás

*Documento asinado dixitalmente na marxe.